

Compos Jazz

DO 18 AO 27 DE NOVEMBRO
21.00 H AUDITORIO DE GALICIA

18 NOVEMBRO
LEE KONITZ TRÍO

19 NOVEMBRO
J. SANTANDREU CUARTETO

22 NOVEMBRO
TELMO FERNÁNDEZ CUARTETO

27 NOVEMBRO
BILL BRUFORD'S EARTHWORKS

LEE KONITZ TRÍO

Lee Konitz, *saxos*

Mark Ferbert, *batería*

Mari Ann Mcsweeney, *baixo*

Lee Konitz, (Chicago 1927) saxofonista alto (soprano e tenor) é un dos discípulos máis dotado e heterodoxo que saíu da escola do gran pianista Lennie Tristano. O seu son foi e é unha voz diferenciada, indispensábel e orixinal para os músicos brancos da Costa Oeste americana e do movemento *cool*. Gran improvisador, perfeccionista puro, creativo e versátil,

Lee Konitz, é hoxe, un dos saxofonistas activos máis importantes do jazz.

Os seus comezos na orquestra de Claude Thornhill, en 1947, xa presaxiaban o gran músico que viría despois. Confirmárase plenamente cando Miles Davis o chamou para formar o seu celeberrimo Noneto Capitol, co que gravaría o álbum titulado *Birth of the Cool* en 1949. Estivo con Miles Davis dous anos, entre 1948 e 1950, e entremedias colaborou co renovado sexteto de Lennie Tristano en 1949. Nos anos cincuenta, outra asociación musical importante marcou a carreira de Lee Konitz; coñeceu ao pianista Warne Marsh e con el, logrou algún dos seus mellores discos.

En 1952, enrolouse na orquestra do excelente arranxista e compositor, Stan Kenton, co que estivo ata 1954, e a partir dese ano desenvolveu a súa carreira como líder en solitario. Ten gravado e traballado cos mellores músicos de jazz: Charles Mingus, Michel Petrucciani, Bill Evans, Chick Corea, Gerry Mulligan, Paul Bley, Don Friedman, Joe Henderson ou Elvin Jones.

Lee Konitz, toma desde moi axiña certas liberdades cos canons estilísticos do *bebop* e inventa, tendo como referencia a música de Charlie Parker, un modo de relaxación singularmente máis hábil e complexo que o seguidismo dominante entre os saxofonistas da súa xeración, anticipándose ás vangardas dos 60.

JESÚS SANTANDREU CUARTETO

J. Santandreu, *saxo*

Abelardo Rábade, *piano*

Paco Charlín, *contrabaixo*

Nuno Ferreira, *batería*

Jesús Santandreu (1970), saxofón tenor, foi o representante español no concerto da Unión Europea de Radiodifusión de 1987 e premio ao mellor grupo no Festival de Jazz de Ibiza 1992 con *Saxomanía*.

Recibiu o segundo premio de composición de jazz da SGAE por *Estudio*

nº 2 en 1996 e mención pola súa composición *Estudio nº 1* en 1995 e o premio Sadao Watanabe outorgado polo Berklee College of Music en 1998.

Foi membro activo da Berklee Concert Jazz Orchestra dirixida por Greg Hopkins.

Abe Rábade, *piano*

Nado en Santiago de Compostela (1977), inicia a súa formación musical no Conservatorio e continúa na Estudio Escola de Música. Posteriormente completou a súa formación no Berklee College of Music (Boston-MA) onde se licenciou cunha dobre licenciatura *cun laude* en Jazz Composition e Piano Performance.

Recibiu diversos premios e bolsas, como o premio *Tete Montoliu* ao pianista revelación outorgado pola SGAE en 2001, e gravou discos con Mike Mossman, Jesús Santandreu, Jeff Harrington, Deborah Carter, Skip Hadden, Nuno Ferreira, Miguel Zenón e Llibert Fortuny.

Paco Charlín, *contrabaixo*

Nado en Vilanova de Arousa (1975), iniciou os estudos en Vigo e Santiago e completounos no Berklee College of Music (Boston-MA) onde se licenciou cunha dobre licenciatura en Jazz Composition e Bass Performance. Recibiu os premios *Charles Mingus Award de BCM* (Boston, EUA) en 2000, 2º premio no XXIV Concurso Internacional de Grupos de Jazz de Getxo en 2000.

TELMO FERNÁNDEZ CUARTETO

Telmo Fernández, *guitarra*

Dani Domínguez, *batería*

Albert Sanz, *piano*

David González, *contrabaixo*

Telmo Fernández, *guitarra*

Nado en Cospito, Lugo. Estudou guitarra, arranxos, composición e harmonía en Estudio Escola de Música de Santiago. Ademais participou en numerosos seminarios e clases maxistras: Seminario de Jazz (Abe Rábade...), guitarra eléctrica con Nuno Ferreira Trío, etc.

Dani Domínguez, *batería*

Naceu en Santiago de Compostela (1977), estudou na Escola Estudio de Música de Santiago; no ano 2000 estuda con Falk Willis e Aldo Caviglia e asiste a seminarios de jazz en España e Portugal, tendo a oportunidade de tocar, entre outros, con Hamid Drake, Ruben Dantas, Guillermo McGill ou Chano Domínguez, deste modo tivo a oportunidade de estudar con Jeff Ballard e The Bad Plus.

Desde o ano 2003 forma parte de Llibert Fortuny Elèctric Quartet, con algunhas destas formacións e intérpretes, ten actuado en numerosos festivais de jazz de Zarautz, Gijón, Las Palmas, etc.

Albert Sanz, *piano*

Naceu en Valencia (1978). Os seus pais, ambos profesores, foron as súas primeiras influencias artísticas.

Estudou no Conservatorio de Valencia, no Taller de Musics de Barcelona e no Berklee College of Music en Boston.

Colaborou con figuras do jazz como Joe Lovano, Perico Sambeat, Mark Turner, Kurt Rosenwinkel, Chris Cheek, Jorge Rossy o Larry Grenadier.

BILL BRUFORD'S EARTHWORKS

Bill Bruford, *batería*

Tim Garland, *saxofóns*

Gwilym Simcock, *piano*

Lawrence Cottle, *baixo*

Bill Bruford criou-se co jazz, primeiro como afeccionado e máis tarde comezando a súa carreira profesional en 1968, tras recibir clases maxistras de Lou Pockock, percusionista da Royal Philharmonic Orchestra. Foi o máximo representante do famoso Art Rock británico, facendo xiras internacionais con Yes e King Crimson desde 1968 até 1974. Na década dos 80 experimenta unha música revolucionaria de mans de King Crimson mediante o desenvolvemento da percusión electrónica, formando o grupo de jazz acústico Earthworks en 1986. Bill tamén encontrou tempo para gravar e actuar con Kazumi Watanabe, David Torn, The New Percusion Group of Amsterdam, Jamaaladeen Tacuma, Akira Inoue, Al Di Meola e Tony Levin, entre outros.

A finais dos noventa, Bruford volve ás súas orixes e grava, co grupo, a mellor recompilación dos anteriores álbums, incluíndo materiais novos e frescos con titáns do jazz tales como Ralph Towner (guitarras e piano) e Eddie Gomez (baixo) titulada *If Summer had its Ghosts*.

Tim Garland, *saxofóns e clarinete baixo*

Despois de tocar dous anos con Chick Corea, Garland volveuse un dos máis coñecidos e máis prolíficos intérpretes e compositores dos escenarios. Ademais de tocar asiduamente coa Ronnie Scott Band, tocou con Ralph Towner, John Taylor, Joe Locke's "Story Telling", Band with Tain Watts, Avishai Cohen, Janson Rebello, mentras mantén a súa propia carreira como líder de Storms/Nocturnes, Acoustic Triangle, e Dean Street Underground Orchestra.

Gwilym Simcock, *piano*

Desde moi novo tocou coa elite dos escenarios de Londres, Kenny Wheeler, Tim Garland, Stan Sulzmann, Ian Ballamy, Julian Arguelles, Pete King, Don Weller and Steve Waterman, e tivo os seus propios grupos, desde tríos a agrupacións de 40 músicos, tocando con coros e orquestras de cámara. Gañador do *Perrier Jaz Ensemble 2001*, e do *BBC Radio e Rising Star Award 2005*, desde aquela toca coa BBC Big Band e coa NYJO a trompa e o piano.

Lawrence Cottle, *baixo*

Orixinario do País de Gales, Cottle é o primeiro artista en ser denominado en Londres de jazz-estudo, actúa coa súa propia banda e é o primeiro baixista electrónico no Reino Unido. Na actualidade ten a súa carreira centrada na Bill Bruford's Earthworks.

Venda de entradas no **902 434 443**

ou en www.caixagalicia.es

No despacho de billetes do Auditorio de Galicia

A víspera e o mesmo día da actuación

Horario de despacho de billetes:

de 12:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 20:00 horas

O día do concerto o despacho de billetes pecha ás 21:00 horas

Teléfonos: 981 571 026 e 981 573 979

Nestes números tamén hai venda telefónica baixo a forma de pago con tarxeta

Prezo: 12 euros. Estudantes e xubilados 6 euros

para os concertos de Lee Konitz e Bill Bruford's Earthworks.

6 euros. Estudantes e xubilados 3 euros

para J. Santandreu Cuarteto e

Telmo Rodríguez Cuarteto.